# ACTA DA COMISIÓN AVALIADORA

**ASUNTO**: **PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN PARA A AUTORIZACIÓN DE INSTALACIÓN DE RESTAURANTES E POSTOS DE ELABORACION DE COMIDA NO ARDE LUCUS 2015 PRORROGABLE PARA OS ANOS 2016, 2017 E 2018. COMPROBACIÓN SUBSANACIÓNS E PROPOSTA ADXUDICACIÓN**

Sendo as 13:00 horas do día 3 de xuño de 2015 no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Comisión Avaliadora das solicitudes presentadas no procedemento de licitación para a autorización da instalación de restaurantes e postos de elaboración de comidas no ARDE LUCUS 2015 asistindo dona Maria José Pena Lage por parte da oficina de Xuventude e dona Ana Tabarés Martínez técnico do servizo de contratación, patrimonio e fomento:

Por parte da funcionaria de Xuventude se da conta dos requerimentos efectuados ós solicitantes ós que lles faltaba documentación e que foron chamados telefónicamente e avisados por correo electrónico para que procederan á entrega da documentación antes das 14:00 horas do día 29 de maio. Tódolos requiridos presentaron a documentación necesaria no prazo concedido

Seguidamente dase conta da avaliación da documentación presentada no sobre B conforme os criterios de adxudicación establecidos no apartado noveno das Bases resultando **que se propón a adxudicación a un total de 11 postos ós seguintes licitadores:**

| NOME | PARADA | CANON | TAXAS | PUNTOS |
|---|---|---|---|---|
| Yanina de Armas | 1 | 15300 | 422,40 | 93,84 |
| María Luisa Souto | 3 | 13500 | 427,68 | 95,69 |
| Héctor Pérez | 4 | 7300 | 422,40 | 100 |
| Rubén Otero | 5 | 6200 | 422,40 | 100 |
| Miguel Villalba | 6 | 3350 | 39,60 | 90 |
| Martín Labrador | 7 | 670 | 23,76 | 90 |
| David Galiano | 8 | 606 | 27,76 | 90 |
| Patricia Frade Eiras | 9 | 890 | 31,68 | 90 |
| Mateo Carrasco | 10 | 700 | 31,68 | 90 |
| Pedro Fariña | 11 | 1760 | 63,36 | 90 |
| Oscar Santiso | 14 | 300 | 42,24 | 90 |

**A Comisión propón elevar ao órgano competente esta proposta de adxudicación que quedará condicionada a:**

- Á presentación ( para os casos de que non se tivera xa presentada) da correspondente alta no IAE
- Recibo do último pagamento deste imposto de actividades económicas

- Copia da póliza do seguro de responsabilidade civil patronal e responsabilidad civil productos–alimentos subministrados que xere a súa actividade debendo cubrir os riscos por intoxicaciojn alimentaria ou por incumprimento de normativa hixiénico sanitaria cunha cobertura mínima de 500.000 euros por sinistro sendo o sublímite por víctima de 150.000 euros.
- Copia do recibo de pagamento do dito seguro de responsabilidade civil

O Concello de Lugo comprobará de oficio que os licitadores propostos se atopar ao corrente coas obrigas tributarias co propio Concello de Lugo.

Na resolución de concesión da autorización indicaráse o **prazo para a xustificación dos ditos requisitos que en todo caso terá como data límite dez días naturais anteriores ó inicio da Festa.**

**Asimesmo e respecto os que que se indican a continuación propónse a exclusión polos seguintes motivos:**

-Jose Antonio Fernández Reguera, por non indicar o número do posto o que quería optar.
-José Manuel Pájaro Rodríguez ( Panaderia Tasaga S.L), por non indicar o número do posto o que quería optar.
-Breogán Rodríguez, por ofertar un prezo inferior o canon de saída

Queda un total de 2 postos vacantes ( o 12 e 13) que dado que ningúen ofertou para estes postos quedan sen cubrir sendo utilizado polo Concello para a Festa.

Sen mais que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 14:00 horas no lugar sinalado no encabezamento.